



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroen

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. COMITÉ 14/07/09

Nesta reunión tratáronse os seguintes temas:

Traballos período de vacacións.- Coméntannos os traballos máis relevantes que nos diferentes talleres (Embutición - Ferraxe - Pintura - Montaxe - Informática - Loxística) vanse realizar neste período, pola nosa parte sinalar dous casos:

Masillas, parece ser que a histórica reivindicación da C.I.G. a respecto do enfriamento das carrozarías, vaíse a acometer unha reforma nas instalacións que garantirá, no peor dos casos, pasar dos actuais 45°C a 32°C en época de maior temperatura ambiental. Desexamos que esta reforma teña os efectos esperados polos traballadores/as.

Estanterías loxística, como sabedes a C.I.G., e como consecuencia dun accidente ocorrido nestas instalacións, realizou unha auditoría que revelou o seu grao de deterioro. Agora dentro destes traballos vanse remodelar.

Peches de instalacións.- Como máis salientable figura o baleirado da 2ª Ter. da M.1.

Apertura.- Arrancará o día 18 de Agosto a Quenda de mañá.

Produción Agosto-Setembro.- Confírmase o anunciado na reunión pasada.

Plan de Baixas (ERE).- Unha vez aprobado o Expediente de Regulación de Emprego por parte da Administración, o día 24/10/07, causarán baixa na fábrica 187 traballadores/as do Taller. Compañeiros, para os que a maioría deles pechóuselles o dereito a unha Xubilación Parcial, apesares da situación actual con ***Contratación - Alongamentos de Xornada - Sábados - Domingos...*** A todos eles, esperando que na decisión tomada non lles acompañen dúbidas, a C.I.G. deséxalles o mellor nesa nova etapa da súa vida.

Auditoría de Seguridade.- A Dirección comenta que con respecto a auditoría realizada a semana pasada, como dato máis significativo sinalan o aumento dos accidentes con baixa. Pola nosa parte pedimos que as medidas que elabore a Dirección sexan expostas ao Comité de Seguridade e Saúde e poidan ser complementarias coas aportacións que realicen os Delegados/as de Prevención. Así o farán.

Visita.- Infórmanos que o vindeiro xoves visítanos o Presidente do Grupo.

Vending.- Modifícanse os prezos subindo unha media do 5% os produtos da cantina, en canto ás bebidas quentes como frías soben unha media do 13%.

Ferraxe.- A respecto das producións na zona de ferraxe do B-58, a C.I.G. pregunta por que, se hai Talleres que teñen unha produción prevista, esta altérase a maiores por criterio do mando. A Dirección contesta que non ten coñecemento, e que o van ver.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com